

D^a. MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA

CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

XUNTA DE GALICIA

Edificios Administrativos - San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

Asunto: alegacións ao RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se someten a información pública a solicitude de modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, do proxecto do parque eólico Coto Frío e da súa infraestrutura de evacuación, situado nos concellos de Dozón (Pontevedra) Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11), DOG Núm. 105, de 5 de xuño de 2023

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista da RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se someten a información pública a solicitude de modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, do proxecto do parque eólico Coto Frío e da súa infraestrutura de evacuación, situado nos concellos de Dozón (Pontevedra) Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11), DOG Núm. 105, de 5 de xuño de 2023, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

I.- ANTECEDENTES E CONTEXTO NO QUE SE PREVÉ O DESARROLLO DO PROXECTO EÓLICO COTO FRÍO

1.- Por RESOLUCIÓN do 2 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa, o estudo de impacto ambiental, o proxecto de execución, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Coto Frío, situado nos concellos de Dozón (Pontevedra) e Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11), DOG Núm. 111, de 12 de xuño de 2012.

2.- Por RESOLUCIÓN de 24 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, dáselle publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 29 de setembro de 2016, relativa ao proxecto do parque eólico Coto Frío, nos municipios de Dozón (Pontevedra) e Piñor e O Irixo (Ourense), promovido por Coto Frío, S.L., DOG Núm. 42, de 1 de marzo de 2017.

3.- Por RESOLUCIÓN do 22 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, publícase o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 3 de agosto de 2017, polo que se outorgan a **autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade cun dereito mineiro, do parque eólico Coto Frío**, nos concellos de Dozón (Pontevedra), Piñor e O Irixo (Ourense), promovido pola sociedade Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11), DOG Núm. 192, de 9 de outubro de 2017.

4.- Por RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, sométese a información pública a solicitude de modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, do proxecto do parque eólico Coto Frío e da súa infraestrutura

de evacuación, situado nos concellos de Dozón (Pontevedra) Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11), DOG Núm. 105, de 5 de xuño de 2023.

5.- ACORDO do 18 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do **proxecto da LAT 132 kV colectora de SE Serra do Faro-SE Valdepereira**, sita nos concellos de Dozón, na provincia de Pontevedra, e O Irixo, Piñor e San Cristovo de Cea, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/15), DOG Núm. 100, de 25 de maio de 2022.

- Solicitante: Serra do Faro, S.L.; CIF: B32417776.

- Domicilio social: parque San Lázaro 7, 1º, 32003 Ourense.

- Denominación: LAT 132 kV colectora de SE Serra do Faro-SE Valdepereira.

- Situación:

1. LAT 132 kV aero-subterránea SE Serra do Faro-SE Coto Frío: concellos de San Cristovo de Cea, Piñor, Dozón e O Irixo.

2. LAT 132 kV aérea SE Coto Frío-SE Valdepereira: concello do Irixo.

- Potencia que se evacuará:

1. LAT 132 kV aero-subterránea SE Serra do Faro-SE Coto Frío: 69 MW.

2. LAT 132 kV aérea SE Coto Frío-SE Valdepereira: 125,32 MW.

6.- ACORDO do 5 de abril de 2023, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se somete a información pública a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, do proxecto da LAT 132 kV colectora de SE Serra do Faro-SE Valdepereira, sita nos concellos de Dozón, na provincia de Pontevedra, e O Irixo, Piñor e San Cristovo de Cea, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/15), DOG Núm. 73, de 17 de abril de 2023.

II.- A CADUCIDADE DA DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO EÓLICO COTO FRÍO

Transcorrerón máis de 6 anos desde a publicación no DOG da Declaración de impacto ambiental polo que o 1 de marzo de 2022 o proxecto industrial eólico non contaría coa Declaración de impacto ambiental (DIA) vixente.

A día de hoxe non consta a comunicación ao órgano substantivo da Vicepresidencia primeira e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, o inicio material das obras e polo tanto a inicio da execución do proxecto industrial eólico Coto Frío, tampouco consta a presentación da Acta de inicio de obras.

Ademais a día de hoxe na área xeográfica de implantación do proxecto eólico Coto Frío non existe execución algunha do proxecto nin indicios nin evidencia algunha do seu inicio.

Sendo así, a execución deste proxecto non se iniciará antes de que a DIA perdera a súa vixencia e cesara na produción dos efectos que lle son propios. Polo tanto, o proxecto eólico Coto Frío tería a Declaración de impacto ambiental caducada e debera rexeitarse o proxecto industrial eólico.

III.- A IMPORTANTE DENSIDADE DE AEROXERADORES DA ÁREA XEOGRÁFICA DE DESARROLLO DO PROXECTO EÓLICO COTO FRÍO

	NOME DO PROXECTO	PROMOTOR	MUNICIPIO
--	------------------	----------	-----------

	Repotenciación da liña de alta tensión Chantada-Lalín de 66 kV a 132 kV	Unión Fenosa Distribución, S.A.	Chantada; Rodeiro; Dozón; Lalín
2.	Liña de alta tensión a 132kV dende o parque eólico Irixa ata a subestación eléctrica de Lalín	Unión Fenosa Distribución, S.A.	Irixa, O; Dozón; Lalín
3.	Nova saída da subestación de Lalín e reordenación da liña de media tensión LAL181	UFD Distribución Electricidad, S.A.	Dozón; Lalín
4.	Liña de alta tensión a 132 kV dende o parque eólico Irixa ata a subestación eléctrica de Lalín (retramitación)	UFD Distribución Electricidad, S.A.	Dozón; Irixa, O; Lalín
5.	PARQUE EÓLICO SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II	Pena da Costa Eólica, S.L. (Antes de Serra do Faro, S.L.)	Dozón; Piñor; Rodeiro; San Cristovo de Cea
6.	PARQUE EÓLICO AMEIXEIRAS-TESTEIRO	Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A. (por adquisición a GAMESA Energía, S.A.))	Irixa, O; Forcarei; Lalín
7.	LAT 132kV de evacuación do parque eólico de Irixa (Fase I)	Irixa eólico, S.A.	Irixa, O; Carballiño, O
8.	PARQUE EÓLICO DE O IRIXO	Irixa Eólico, S.A.U.	Irixa, O; Carballiño, O; Piñor
9.	Liña de alta tensión a 132kV dende o parque eólico Irixa ata a subestación eléctrica de Lalín	Unión Fenosa Distribución, S.A.	Irixa, O; Dozón; Lalín
10.	PARQUE EÓLICO COTO FRÍO	Vector Verde, S.A. (A través de Coto Frío, S.L.)	Dozón; Piñor; Irixa, O
11.	PARQUE EÓLICO COTO DA MINA	Coto da Mina, S.A. (Antes Adelanta Corporación, S.A.)	Irixa, O; Piñor
12.	Instalacións de conexión á rede eléctrica Beariz 400 kV-Eixe Leste	Adelanta Corporación, S.A.	Beariz; Boborás; Irixa, O
13.	Liña de alta tensión a 132 kV dende o parque eólico Irixa ata a subestación eléctrica de Lalín (retramitación)	UFD Distribución Electricidad, S.A.	Dozón; Irixa, O; Lalín
14.	PARQUE EÓLICO VALDEPEREIRA (RETRAMITACIÓN)	Aerogeneración Galicia, S.L.	Irixa, O; Lalín
15.	PARQUE EÓLICO PICO SECO (RETRAMITACIÓN)	Aerogeneración Galicia, S.L.	Irixa, O; Lalín
16.	PARQUE EÓLICO MARCOFÁN	Marcofán Eólica, S.L.	Beariz; Boborás; Irixa, O
17.	L.A.T. 220 kV P.E. Masgalán-P.E. Montecarrio	Gamesa Energía, S.A.	Silleda; Forcarei; Vila de Cruces; Lalín
18.	Liña de alta tensión a 132kV dende o parque eólico Irixa ata a subestación eléctrica de Lalín	Unión Fenosa Distribución, S.A.	Irixa, O; Dozón; Lalín
19.	PARQUE EÓLICO TENZAS DO AIRE	Renovables San Martiño, S.L.	Rodeiro; Lalín
20.	Infraestruturas de evacuación á subestación Portodemouros 220 kV (LAT 132 kV SET PE Orrea-SET PE Mesada e tramo de interconexión a 220 kV coa LAT 220 kV Monte Carrio-SET Portodemouros)	Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L.	Agolada; Lalín; Vila de Cruces
21.	Liña de alta tensión a 132 kV dende o parque eólico Irixa ata a subestación eléctrica de Lalín (retramitación)	UFD Distribución Electricidad, S.A.	Dozón; Irixa, O; Lalín
22.	PARQUE EÓLICO RODEIRA	Green Capital Power, S.L.	Lalín; Vila de Cruces
23.	PARQUE EÓLICO MONTE CABEZA	Galicia Vento, S.L. (Antes Enerfín Enervento, S.A. (Grupo ELECNOR))	Antas de Ulla; Chantada; Rodeiro
24.	PARQUE EÓLICO FARELO	Galicia Vento, S.L. (Antes Enerfín Enervento, S.A. (Grupo ELECNOR))	Antas de Ulla; Agolada; Rodeiro
25.	PARQUE EÓLICO CHANTADA	Galicia Vento, S.L. (Antes Enerfín Enervento, S.A. (Grupo ELECNOR))	Chantada; Rodeiro
26.	PARQUE EÓLICO PENAS GRANDES	Galicia Vento, S.L. (Antes Enerfín Enervento, S.A. (Grupo ELECNOR))	Carballedo; Rodeiro
27.	Proxecto L.A.T. 132 kV y 30 KV subestación Farelo - subestación Faro	Galicia Vento, S.L. (Antes de ENERFIN, S.A.)	Agolada; Antas de Ulla; Chantada; Rodeiro
28.	Repotenciación da liña de alta tensión Chantada-Lalín de 66 kV a 132 kV	Unión Fenosa Distribución, S.A.	Chantada; Rodeiro; Dozón; Lalín

29.	PARQUE EÓLICO TENZAS DO AIRE	Renovables San Martiño, S.L.	Rodeiro; Lalín
30.	PARQUE EÓLICO PRADO VELLO	Breotecnia, S.A.	Rodeiro; Chantada; Taboada
31.	PARQUE EÓLICO MAXAL	Galenergy, S.L.	Antas de Ulla; Rodeiro; Taboada
32.	PARQUE EÓLICO SUIME	Greenalia Wind Power, S.L.U.	Rodeiro

PLANTAS DE XERACIÓN EÓLICA PREVISTAS PARA A ÁREA XEOGRÁFICA DE IMPLANTACIÓN DO PROXECTO

INSTALACIONES DE CONEXIÓN BEARIZ 400 kV - EIXE LESTE			
Número	PARQUE EÓLICO	POTENCIA INSTALADA (MW)	PROMOTORA
1	Serra do Faro	36,4	Serra do Faro, S.L.U
2	Serra do Faro Ampliación II	33,6	Pena da Cota Eólica, S.L.U
3	Coto Frío	39,6	Coto Frío, S.L.U
4	Coto da Mina	16,72	Coto da Mina S.A.U
5	Pico Seco	29,7	Aerogeneración Galicia, S.L.U
6	Valdepereira	26,4	Aerogeneración Galicia, S.L.U
7	Suído I	39,9	Desarrollos Renovables del Norte, S.L.U
8	A Estivada	24	Naturgy Renovables, S.L.U
9	As Vides	16	Naturgy Renovables, S.L.U
10	Campos Vellos	30	Greenalia Wind Power Campos Vellos S.L.U
11	Marcofán	25,20	Marcofán Eólica, S.L.U
12	Pena da Lebre	14	Marcofán Eólica, S.L.U
13	Puza	48	Alto da Puza, S.L.U
14	Edreira I	24	Puentengasa San Roque I, S.L.U
15	Coto das Airas	44	Coto das Airas, S.L.U
16	Laxabranca	26,6	Laxabranca, S.L.U
17	Uxo	21	Naturgy Renovables, S.L.U
18	Monte Peón	12,6	Naturgy Renovables, S.L.U
19	As Penizas	33,6	Greenalia Wind Power, S.L.U
20	As Penizas Ampliación	10	Greenalia Wind Power, S.L.U
21	Pedra Longa	16,8	Pedra Longa Eólica, S.L.U
22	Cabanelas	18	Sistemas Energéticos Cabanelas, S.A.U
23	Tramontana	72,8	Greenalia Wind Power Tramontana, S.L.U
24	Siroco	61,6	Greenalia Wind Power Siroco, S.L.U
25	Coto do Carballal	28	Adelanta Corporación, S.A.
Total potencia		748,52	

Número	OUTROS PARQUES EÓLICOS E LIÑAS DE EVACUACIÓN XA EXISTENTES OU PREVISTAS NA ÁREA DE IMPLANTACIÓN DO PROXECTO
1	Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal L.A. T. 132 kV O Irixo-Lalín
2	Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Irixo (fase 1)
3	Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Ameixeiras e Testeiros
4	Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Paraño Oeste

IV.- A DIVISIÓN ARTIFICIOSA E FRAGMENTACIÓN AOS EFECTOS DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ORDINARIA DO PROXECTO EÓLICO COTO FRÍO

No DOG Núm. 100, de 25 de maio de 2022 publícase o ACORDO do 18 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 132 kV colectora de SE Serra do Faro-SE Valdepereira, sita nos concellos de Dozón, na provincia de Pontevedra, e O Irixo, Piñor e San Cristovo de Cea, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/15).

No texto do anuncio indícase que trátase dunha Liña eléctrica aérea constituída por un circuíto trifásico cun condutor por fase, de 10,644 km de lonxitude, en condutor tipo LA 280, sobre 37 apoios metálicos de celosía, con orixe na subestación SE Serra do Faro e fin na SE Coto Frío.


Tamen indícase que a LAT 132 kV aérea SE Coto Frío-SE Valdepereira é unha Liña eléctrica aérea a 132 kV de evacuación dos parques eólicos Serra do Faro, Serra do Faro, ampliación II, Coto Frío e Coto da Mina, constituída por un circuíto trifásico con dous condutores por fase, de 7,679 km de lonxitude en condutor tipo LA 280, sobre 23 apoios metálicos de celosía e con orixe na subestación SE Coto Frío e fin na subestación SE Valdepereira.

O artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, establece que formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica.

Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.

“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

A inclusión dos efectos e impactos dos máis de 28 parques eólicos no proxecto destas instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos devanditos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.



Imaxe do proxecto da LAT 132 kV colectora de SE Serra do Faro-SE Valdepereira. O EIA non avalía os efectos acumulados e sinérxicos da totalidade das infraestruturas presentes na área de afección do proxecto. O plan industrial eólico preséntase e sométese a exposición pública fraccionado e “por entregas”, non permitindo a información completa do impacto ambiental global da totalidade das infraestruturas nin por ende, a participación pública. Posible vulneración do Convenio de Aarhus

▪ **DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS AOS EFECTOS DA AVALIACIÓN AMBIENTAL**

Indica literalmente a mercantil promotora do proxecto da LAT 132 kV colectora de SE Serra do Faro-SE Valdepereira:

La línea colectora se proyecta para la evacuación de energía de los siguientes parques eólicos:

☒ Parque Eólico Serra do Faro.

Potencia prevista 35,4 MW.

Sociedad promotora Serra do Faro S.L.

☒ Parque Eólico Serra do Faro Ampliación II.

Potencia prevista 33,6 MW.

Sociedad promotora Serra do Faro S.L.

☒ Parque Eólico Coto Frío

Potencia prevista 39,6 MW.

Sociedad promotora Coto Frío S.A.

☒ Parque Eólico Coto da Mina

Potencia prevista 16,72 MW.

Sociedad promotora Coto da Mina S.A.

Esta línea forma parte de una serie de instalaciones de conexión que posibilitarán la conexión a la red eléctrica de transporte para un contingente de parques eólicos en la futura subestación de REE denominada Beariz 400 kV.

En el entorno de la subestación Beariz 400 kV, se proyectará una subestación colectora central de parques denominada Paraño 400/132/30 kV a la cual se conectarán diferentes líneas eléctricas colectoras 132 kV (ejes), siendo el proyecto actual parte de las instalaciones de conexión de uno de dichos ejes; en concreto el eje procedente del este.

La subestación Paraño 400/132/30 kV se conectará en el futuro a la red eléctrica de transporte en una posición de la subestación Beariz 400 kV, mediante línea de 400 kV.

El objeto del presente proyecto es la infraestructura denominada **LAT COLECTORA 132kV**

SUBESTACIÓN SERRA DO FARO-SUBESTACIÓN VALDEPEREIRA la cual está compuesta por las siguientes líneas de alta tensión:

☒ LAT Aérea-Subterránea a 132kV SET Serra do Faro - SET Coto Frío

☒ LAT Aérea a 132kV SET Coto Frío - SET Valdepereira

Las subestaciones Serra do Faro, Coto Frío y Valdepereira, son objeto de proyectos independientes que se tramitan ante la Administración en sus respectivos expedientes.

O artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, establece que formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica.

Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.

“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

A inclusión dos efectos e impactos dos máis de 28 parques eólicos no proxecto destas instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos devanditos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

- **AUSENCIA DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ACUMULADA E SINÉRGICA DA TOTALIDADE DO CONXUNTO DAS INFRAESTRUTURAS.**

Na área afectada polo proxecto existen outros parques eólicos e liñas de alta tensión de evacuación.

O impacto xeral provocado pola acumulación de parques eólicos pode xerar graves afeccións tanto á poboación como aos animais da zona. Preocupa, especialmente, a situación da avifauna e os quirópteros, dado que esta concentración de parques podería supor un incremento significativo da mortalidade, do efecto baleiro (abandono da zona) e do efecto barreira. Neste último caso, cuxo resultado directo sería o da perda de conectividade ecolóxica, vulnera de xeito flagrante a disposición incluída na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. No artigo 87.1. desta lei, se manifesta o seguinte:

“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”

En suma, cabe indicar a seguinte consideración, incluída no borrador da “Estrategia estatal de infraestructura verde y de la conectividad y la restauración ecológicas” realizada polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico na que se sinala que se debe perseguir a:

“Mitigación de las barreras producidas por la infraestructura de producción y distribución de energía, prioritariamente en aquellos parques eólicos y tramos de los tendidos eléctricos que atraviesen áreas relevantes para la diversidad de aves y murciélagos y/o concentren un elevado número de electrocuciones o colisiones.”

Ao anterior hai que engadir a presenza de aves e quirópteros (morcegos) en estado de perigo de extinción o vulnerables segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) e/ou o Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA).

En definitiva, os parques eólicos referenciados e a súa infraestrutura de evacuación non é compatible coa conservación dos corredores ecolóxicos nin coa pretensión de mitigar as barreras á fauna.

Os proxectos dos parques eólicos e as liñas de evacuación deben ser contemplados como un conxunto integrado nun mesmo proxecto. Non é de recibo sortear a través dunha máis que utilizada fragmentación, uns efectos sinérxicos e acumulativos ausentes nos estudos de impacto ambiental e nas declaracións de impacto ambiental.

Cómpre resaltar o carácter unitario dos parques eólicos previstos, no sentido de que todos os seus elementos e instalacións deben contemplarse desde unha perspectiva unitaria, desde os accesos e os propios aeroxeradores ata a liña de conexión dos parques no seu conxunto coa rede de distribución ou transporte de electricidade. Iso conleva, efectivamente, que non pode darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores de forma artificial e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supoñer unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores esixencias ambientais.

Non se valora a localización dos parques previstos e a súa continuidade física e tampouco se pondera que todos os parques compartan elementos comúns relevantes, como é a liña de evacuación de electricidade e as infraestruturas de conexión asociadas. Ao anterior hai que engadir outro dato adicional, que é que a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos sinérxicos dos mesmos desde a perspectiva ambiental.

A unidade do proxecto resulta así dos datos fácticos xa acreditados arestora en base aos proxectos presentados polas promotoras e arestora en tramitación, como son a localización lindeira dos parques, dos elementos comúns como a liña de evacuación de electricidade etc... Por outra banda, a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos desde o punto de vista do impacto ambiental, obviando unha análise do conxunto dos elementos implicados, sen que poida paliarse o defecto de concepción inicial cos estudos de sinerxias, limitado a determinados aspectos. Todos os parques proxectados teñen efectos acumulados sobre os mesmos elementos da paisaxe e a biodiversidade da contorna, polo que o seu impacto sinérxico debe ser avaliado de forma conxunta para non incorrer nuns procedementos viciados desde o principio e nulos de pleno dereito, tal e como apuntan diversas resolucións xudiciais respecto diso. Ademais a cidadanía ten dereito ao acceso á información do conxunto e a recibir información relativa ao conxunto global e acumulado de todas as infraestruturas do proxecto industrial.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunais de xustiza en España dende hai anos. Así, por exemplo, A Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aeroxeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenúen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aeroxeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aeroxerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da

enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aerogeradores aos que se daría un tratamento autónomo".

En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientais, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de

Dereito sexto o que segue:

“3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuouse de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.

4ª. As mesmas consideracións deben efectuarse respecto á duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuadruplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxias que se producen entre os elementos illadamente analizados”.

Unha cousa é que se pretenda facer valer que nos atopamos ante proxectos de implantación de parques independentes e plenamente funcionais de xeito aislado, e outra é que as vinculacións operativas entre eses parques proxectados sexan, de facto, intensas. Poderase alegar que se procura o menor impacto nas infraestruturas de evacuación, poderase referir tamén a súa modularidade ou adaptabilidade, mais certamente, no sentido apuntado por unha xurisprudencia cada vez máis consolidada, a fragmentación artificial tén por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de imposibilitar a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos. E para superar esa merma de garantías, dende logo, non resulta suficiente que nas avaliacións ambientais fragmentadas se acometan estudos de sinerxias, sobre os cales a xurisprudencia tén declarado o seu carácter incompleto e fragmentario. Así, a Sentenza do TSX de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:

“Prescindiendo, de una consideración de conjunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sin ante

uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todas los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre salientar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

En calquera caso, o proxecto verbo do que alegamos e, en particular, o estudo de impacto ambiental, non acomete tampouco unha avaliación acaída de impactos acumulativos e sinérxicos. Aínda partindo da realidade de que se está a tramitar a implantación do conxunto de parques antes referidos na zona xeográfica de referencia, o estudo dos impactos acumulativos e sinérxicos incorporado como Anexo VI ao EIA non se pode considerar que xustifique ou motive adecuadamente as conclusións ás que chega, nin que -na liña da xurisprudencia citada anteriormente- considere a totalidade dos aspectos que deben ser considerados.

Dada a proximidade física entre os diferentes proxectos de parques, e por conseguinte a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en cuenta os obxectivos de conservación.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, “no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

- **Afección moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede. Afección significativa e danos irreversibles a outros espazos protexidos:**

O proxecto da LAT 132 kV colectora de SE Serra do Faro-SE Valdepereira afecta a:

- 🚧 ZEC Serra do Candán (ES1140006).
- 🚧 ZEC Pena Veidosa (ES1130004)
- 🚧 ZECN Monte Faro (ES1120008).

A mercantil promotora indica no EIP literalmente que:

“Los hábitats naturales presentes en la zona de implantación del proyecto y de otros proyectos próximos son comunes con los hábitats de interés que se localizan en la zona ZEC Serra do Candán, Pena Veidosa y Monte Faro. El proyecto objeto de estudio se localiza fuera de los espacios ZEC por lo que no se va a afectar a sus hábitats propiamente dichos”.

Outras ZEC afectadas:

- 🚧 ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla –Deza.
- 🚧 ZEC ES1140015 Sobreirais do Arnego.

- Afección paisaxística severa e irreversible ao Monumento Natural Fraga de Catasós. Fragmentación e perda da conectividade ecolóxica entre espazos de alto valor ambiental.

Por outra banda o proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175), está próxima aos espazos naturais como son a ZEC Serra do Candán, ZEC Serra do Cando e ZEC Pena Veidosa. Cómpre ter en conta que a Rede Natura 2000 localízase practicamente á beira das instalacións.


V.- AFECCIÓN SEVERA A HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERÉS COMUNITARIO



Detalle da localización do Aeroxerador nº. 1 sobre hábitats de interés comunitario, carballeiras. Cómpre lembrar a obriga normativa de manter os hábitats de interés comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación.

Id.	56716
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	823014
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	20%
Alianza	Quercion pyrenaicae Rivas Goday ex Rivas-Martínez 1965
Especies alianza	Genista falcata, Physospermum cornubiense, Quercus pyrenaica.
Nombre fitosociológico	Carballedas acidófilas galaico-portuguesas


Nombre genérico	Carballedas
Código UE habitat	9230
Prioritario	Np
Definición	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica




Aeroxerador 2 no Monte do Castro sobre hábitats prioritarios e de interés comunitario



Aeroxerador 3 sobre hábitats de interés comunitario



Detalle da localización do Aeroxerador 3




Detalle da localización do aeroxerador Aeroxerador 4, sobre hábitats de interés comunitario

Id.	56716
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	823014
Naturalidad	2


Porcentaje habitat	20%
Alianza	Quercion pyrenaicae Rivas Goday ex Rivas-Martínez 1965
Especies alianza	Genista falcata, Physospermum cornubiense, Quercus pyrenaica.
Nombre fitosociológico	Carballedas acidófilas galaico-portuguesas
Nombre genérico	Carballedas
Código UE habitat	9230
Prioritario	Np
Definición	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica



Detalle do Aeroxerador 5, sobre hábitats de interés comunitario



Detalle do aeroxerador 6, sobre carballeiras e hábitats prioritarios e outros de interés comunitario



Detalle do aeroxerador 6, con afección severa e dano irreversible a masas maduras de carballeiras




Aeroxerador 7 a 400 quilómetros do núcleo de Abeledo e sobre o humedal As Brañas



Detalle do aeroxerador 7 sobre hábitats de interés comunitario, breixeiros secos europeos

Id.	58074
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	303021
Naturalidad	3
Porcentaje habitat	60%
Alianza	<i>Ericion umbellatae</i> Br.-Bl., P. Silva, Rozeira & Fontes 1952
Especies alianza	<i>Cistus psilosepalus</i> , <i>Erica australis</i> subsp. <i>australis</i> ,



	Erica umbellata, Genista triacanthos, Halimium ocymoides, Lavandula viridis, Polygala microphylla, Pterospartum lasianthum, Pterospartum tridentatum, Thymelaea broteriana, Thymelaea procumbens, Tuber
Nombre fitosociológico	Brezal frío y continental galaico-portugues, beirense, lusitano-duriense, estréllense,y toledano-tagano
Nombre genérico	Brezales
Código UE habitat	4030
Prioritario	Np
Definición	Brezales secos europeos



Aeroxerador 7, a 152 metros dunha granxa



Detalle do aeroxerador 7, sobre hábitats de interés comunitario e con afección a humedais



Detalle do aeroxerador 7, a 111 metros dun cauce innominado



Aeoxerador 8, a 740 metros do núcleo urbano de Dozón



Detalle do aeoxerador 8, sobre hábitats de interés comunitario, breixerias oromediterráneas endémicas con aliaga

Id.	58071
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	309036
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	12%
Alianza	Ulici europaei-Cytision striati Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz,

Fernández-González & Loidi
1991

Especies
alianza Adenocarpus anisochilus
subsp. anisochilus, Cytisus
commutatus, Cytisus
ingramii, Cytisus striatus
subsp. striatus, Ulex
europaeus.


Nombre
fitosociológico Xesteiras con tojos.

Nombre
genérico Escobonales


Código UE
habitat 4090

Prioritario Np

Definición Brezales oromediterráneos
endémicos con aliaga



Detalle do aeroxerador 8, a 350 metros de granxas e con gran visibilidade desde a estrada, na paraxe de Coto Frío



Detalle do aeroxerador 8, a 203 metros do Rego das Fontes



Aeroxerador 9 a escasos metros dos núcleos de Cadabal, Abeledo e a Edreira. Na imaxe a 370 metros do núcleo de Cadabal.




Detalle do aeroxerador 10, sobre hábitats de interés comunitario, breixeras oromediterráneas endémicas con aliaga


Id.	58071
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	309036
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	12%
Alianza	Ulici europaei-Cytision striati Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández-González & Loidi 1991
Especies alianza	Adenocarpus anisochilus subsp. anisochilus, Cytisus commutatus, Cytisus ingramii, Cytisus striatus subsp. striatus, Ulex europaeus.
Nombre fitosociológico	Xesteiras con tojos.
Nombre genérico	Escobonales
Código UE habitat	4090
Prioritario	Np

Definición

Brezales oromediterráneos
endémicos con aliaga



Detalle do aeroxerador 10 con afección a unha masa madura de carballeiras e detalle do humedal contiguo a esta




Detalle do aeroxerador 11, sobre hábitats prioritarios e de interés comunitario



Detalle do aeroxerador 12, con afección a brexeiras oromediterráneas endémicas con aliaga e a brexeiras secas europeas

- **AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA E PERMANENTE NO TEMPO PARA A REDE NATURA 2000**




CÓDIGO ES1130004

NOMBRE PENA VEIDOSA

Administración competente Galicia

Nombre del plan de gestión Plan director de la Red Natura 2000 de Galicia



CÓDIGO ES1120008

NOMBRE MONTE FARO

Administración competente Galicia

Nombre del plan de gestión Plan director de la Red Natura 2000 de Galicia




CÓDIGO ES1140013

NOMBRE SERRA DO CANDÁN

Administración competente Galicia

Nombre del plan de gestión Plan director de la Red Natura 2000 de Galicia

VI.- AFECCIÓN SEVERA Á AVIFAUNA



Código de la especie 6155

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N233

Nombre de la especie **Achondrostoma arcasii**

Código de la especie 1191

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N233

Nombre de la especie **Alytes obstetricans**

Código de la especie 1352

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE284N233

Nombre de la especie **Canis lupus**

VII.- AFECCIÓN SEVERA A HUMEDAIS E SOBRE OS QUE SE PREVÉ O DESARROLLO DAS INFRAESTRUTURAS DO PROXECTO EÓLICO COTO FRÍO

HUMEDAIS DO COTO FRÍO, EN DOZÓN (PONTEVEDRA) E O IRIXO (OURENSE)

ORDE	REFERENCIA CATASTRAL	MUNICIPIO	POLÍGONO	PARCELA	NOME
1.	36016A35401142	Dozón	354	01142	Rega Puza
2.	36016A35401144	Dozón	354	01144	Rega Puza
3.	36016A35401146	Dozón	354	01146	Rega Puza
4.	36016A35401150	Dozón	354	01150	Rega Puza
5.	36016A35401152	Dozón	354	01152	Rega Puza
6.	36016A35401317	Dozón	354	01317	Rega Fariña
7.	32036A00800041	O Irixo	008	00041	Val do Puzo
8.	32036A00800046	O Irixo	008	00046	Val do Puzo
9.	32036A00800059	O Irixo	008	00059	Val do Puzo
10.	32036A00800007	O Irixo	008	00007	Val do Puzo
11.	36016A35401159	Dozón	354	01159	Rega Puza
12.	36016A35401154	Dozón	354	01154	Rega Puza
13.	36016A35402111	Dozón	354	02111	Brañas

Deberan ter moi presente que nunha época como actual de crise climática non deberan permitir a drenaxe das brañas para a instalar infraestruturas eólicas.

Non todas estas áreas húmedas ou humedais se tiveron en conta durante a tramitación ambiental do proxecto eólico Coto Frío. De feito obviouse os humedais do Coto Frío, pese a resultar afectados polas infraestruturas do proxecto.

De feito conséntase a presenza dun elevado número de anfibios e réptiles vencellados a estes espazos e que precisamente atópanse clasificados coa categoría de vulnerable como pode ser: *Alytes obstetricans*, *Chioglossa lusitánica*, *Coronella austriaca*, *Discoglossus galganoi*, *Epidalea calamita*, *Hyla molleri*, *Lacerta schreiberi*, *Pelophylax perezi*, *Rana ibérica*, *Rana temporaria*, ...etc.

Téñase en conta o concepto de humedal no sentido máis amplo, non só polo principio de prevalencia da protección ambiental e do principio de precaución, senón que apélase ao explicitado na declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) (ANUNCIO do 13 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) (expediente 2019AAE2354)), DOG Núm. 81, de 28 de abril de 2022, que recoñece que existen outras zonas húmidas con importancia no ciclo hidrolóxico que non figuran nos inventarios, polo que propón realizar traballos para identificalas e delimitalas coa finalidade de poder establecer medidas para protexelas. Ademais establece a categoría dentro das Zonas protexidas.

Polo tanto, se o espírito da estratexia da planificación hidrolóxica citada é establecer medidas para outras zonas húmidas, incluso aquelas que non aparecen nos inventarios, coa finalidade de protexelas, cómpre anticipar a protección destes espazos tendo en conta as particularidades e singularidades destes en Galicia, que mesmo atinxen a zonas de vaguadas, portos, portiños, brañas, brañóns, corgas, paraxes ribeiregas, veigas ou chairas de inundación dos leitos fluviais...etc.

▪ **O CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DO PROXECTO EÓLICO COTO FRÍO E AS SÚAS INFRAESTRUTURAS COMÚNS DE EVACUACIÓN**

▪

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en conta, en particular:

a) o uso presente e aprobado da terra;

b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);

c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

i) humedais, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,

ii) zonas costeiras e medio mariño,

iii) zonas de montaña e de bosque,

iv) reservas naturais e parques,

v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,

vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,

vii) áreas de gran densidade demográfica,

viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto eólico nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e humidais afectados.

▪ **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E IRREPARABLES PARA OS CHANS E O MEDIO AMBIENTE**

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación do parque eólico proxectado alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as cimentacións eólicas, diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade actual e potencial.

VIII.- A PREVALENCIA DA PROTECCIÓN AMBIENTAL DA LEI 42/2007, DO 13 DE DECEMBRO, DO PATRIMONIO NATURAL E DA BIODIVERSIDADE

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

O rexeitamento da utilidade pública e da solicitude de modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e da necesidade de urxente ocupación que iso implica do proxecto do parque eólico Coto Frío e da súa infraestrutura de evacuación, situado nos concellos de Dozón (Pontevedra) Piñor e O Irixo (Ourense) e promovido por Coto Frío, S.L. (expediente IN661A DXIEM-03/11), DOG Núm. 105, de 5 de xuño de 2023.

Téñase en conta que non existe constancia ou evidencia algunha do inicio das obras ou do inicio da execución material das obras sobre os terreos afectados polas infraestruturas do proxecto eólico Coto Frío, polo que se insta á declaración da CADUCIDADE da DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL do proxecto eólico Coto Frío.

As infraestruturas deste proxecto afectan de forma severa e irreversible a masas de carballeiras e a hábitats prioritarios e de interés comunitario. Ademais as infraestruturas afectan directamente aos humedais indicados na parte expositiva deste escrito.

O aeroxerador 6, produce afección severa e dano irreversible a masas maduras de carballeiras e isto é verdadeiramente grave, posto que existe a obriga normativa de manter os hábitats de interés comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa eliminación ou afección irreversible. Están a vulnerar de forma flagrante a Directiva de hábitats.

Por outra banda, os aeroxeradores están moi próximos ás vivendas, aos núcleos e incluso ás granxas. O impacto visual e paisaxístico é inasumible e severo.

Ademais, este proxecto prevé desarrollarse nunha área xeográfica con unha presión eólica excesiva, onde xa hai outros parques eólicos instalados e outros en tramitación.

O proxecto eólico Coto Frío comparte infraestruturas con outros proxectos eólicos da entorna, polo que deberan someterse no seu conxunto a avaliación ambiental ordinaria, e non de xeito separado e divididos artificialmente, posto que non se están a avaliar os impactos do conxunto das infraestruturas.

Téñase en conta tamén a severa afección á avifauna que existe na entorna das infraestruturas. Polo tanto, solicítase o rexeitamento do proxecto eólico Coto Frío.

Dozón, 27 de xuño de 2023

Asdo.- _____